

INSTRUCCIÓN DO 23 DE XANEIRO DE 2015 PARA PAGAMENTO DE DEREITOS DE PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELLECTUAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA INVENTORES/AUTORES SEN VÍNCULO LABORAL

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 2015000001301
23/01/15 09:28:00

I.-Antecedentes

Detéctase a necesidade de pagar dereitos sobre patentes ou propiedade intelectual a un investigador inventor/autor que non ten relación laboral actual coa Universidade de Vigo (no caso do investigador PDI con contrato laboral abonáselle por nómina).

A normativa de propiedade industrial e intelectual da Universidade de Vigo, no seu Título IV, Capítulo II, establece a distribución dos beneficios da explotación dos resultados de investigación, do seguinte xeito:

...“un 50% para o persoal investigador que teña a consideración de autor ou inventor”

II.-Procedemento:

Dado que se establece que os investigadores que teñen a consideración de inventores/autores, teñen dereito o 50% dos beneficios obtidos pola Universidade de Vigo pola explotación comercial dos resultados da investigación, trátase de buscar un procedemento para poder facer efectivo este dereito a aqueles investigadores inventores/autores que xa non teñen vinculación laboral coa Universidade.

O procedemento é o seguinte:

1-Solicitude por parte da OTRI aos servizos de xestión económica, da facturación das regalías correspondentes de acordo co contrato de licenza.

2- Distribución por parte da OTRI das regalías cobradas entre os inventores/autores que figuran no rexistro da patente ou software de acordo coa normativa aprobada.

3-Presentación de copia da factura e distribución de regalías a Xerencia, xunto cunha solicitude de distribución para os inventores / autores sen vínculo laboral.

4-Solicitude, no caso de non ter os datos necesarios, por parte da Xerencia aos inventores/autores alleos á universidade dos seus datos persoais e bancarios.

5-Recibido o ingreso nas contas da Universidade da factura emitida, o Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería emitirá un certificado de ingreso que se enviará á Xerencia.

6-A Xerencia emitirá unha orde de pago a favor dos investigadores inventores/autores, xustificando dito pago con toda a documentación antes exposta.

(factura da regalía, distribución das regalías e certificado de ingreso nas contas da Universidade).

7- O pago realizarase de acordo cos porcentaxes establecidos na normativa orixinal. Se levará a cabo no momento do pago a retención fiscal que corresponda pola lexislación vixente (retención establecida inicial para o ano 2015 nun 21%). Dado que para a persoa perceptora do pago non se considera este ingreso como rendemento do traballo, senón rendemento de capital, deberase declarar dito ingreso no impreso correspondente (modelo 193) por parte do perceptor.



Vigo, 23 de xaneiro de 2015

O Xerente

Manuel Fernández Jauregui

SRES/AS XEFES DE SERVIZO

SRES/AS ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS/ÁMBITO/CAMPUS